

# TRANSFÓRMATE E CRECE

CONVOCATORIA 2019

## CONVOCA

**Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA**, no marco do Proxecto “LABORATORIOS DE APOIO Á CREACIÓN DE EMPREGO E EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL. LACES”.

LACES é un proxecto co-financiado polo FEDER no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal POCTEP 2014-2020, e ten como obxectivo principal contribuír ao fomento e consolidación da Economía Social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para conseguir un salto cualitativo na súa capacidade para xerar e consolidar emprego.

## FINANCIA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER.



## OBXECTO

AGACA, como entidade representativa do cooperativismo agroalimentario en Galicia e integrada por cooperativas con distintas actividades agrarias, ten dentro dos seus obxectivos promover e divulgar a fórmula cooperativa como modelo empresarial e mellorar a xestión e funcionamento das cooperativas que asocia.

Como consecuencia, e dentro do Programa Transfronteirizo “Transfórmate e crece”, márcase como obxectivo ofrecer un servizo de apoio e asesoramento a empresas, que inclúe dúas tipoloxías de intervención:

- a) Servizos de apoio a empresas mercantís para súa transformación en organizacións de economía social
- b) Servizos de apoio aos procesos de desenvolvemento de empresas de economía social

As intervencións a realizar corresponden a servizos de consultaría especializada, mediante unha metodoloxía orientada á obtención de resultados e ao deseño de accións concretas en cada organización destinataria para acadar os obxectivos, coa participación activa dos seus dirixentes.



## CONDICIÓN DO SERVIZO

### SELECCIÓN DAS ENTIDADES

Realizarase un proceso de selección de 3 proxectos de transformación ou desenvolvemento, por parte do persoal técnico de AGACA, para o cal, as entidades interesadas deberán remitir a solicitude ao enderezo de correo [loli@agaca.coop](mailto:loli@agaca.coop)

### PERÍODO FINALIZACIÓN DO SERVIZO

O servizo de asesoramento por parte de AGACA nos proxectos seleccionados finaliza a 31 de decembro de 2019.

### TEMÁTICAS DE INTERVENCIÓN PRIORITARIAS:

- Modelos de estratexia e creación de valor
- Organización, planificación e control de xestión
- Avaliación de impacto
- Marketing e comunicación
- Financiamento e xestión económica
- Liderado e xestión de persoas
- Sistemas e tecnoloxías de informacións e comunicación
- Innovación e emprendemento

### SOLICITANTES

- Empresas mercantís interesadas en transformarse en entidades de economía social
- Entidades de economía social xa existentes que queiran desenvolver unha nova actividade para o seu desenvolvemento empresarial

### SOLICITUDES E PRAZO

O prazo para solicitar este servizo de asesoramento abrangue dende o **9 de xullo ao 15 de setembro de 2019**. Se unha vez rematado este prazo non se cubrira o número de proxectos a asesorar, publicarase unha nova convocatoria.

As entidades interesadas en solicitar este servizo deberán cumprimentar o [FORMULARIO ELECTRÓNICO](https://bit.ly/30jweK7) (<https://bit.ly/30jweK7>)

### Teléfono e e-mail de consulta e información:

**981 584 783** De 9:00 a 14.00 horas, de luns a venres. [loli@agaca.coop](mailto:loli@agaca.coop)